



# **Colexio Profesional de Enxeñaría en Informática de Galicia**

**DIRECTRIZ 1003.1**

## **Uso do logotipo do CPEIG**



Esta obra está baixo unha licenza de Creative Commons (BY-NC-SA)  
<http://creativecommons.org/licenses/by-nc-sa/3.0>



## CONTIDO

|          |   |   |
|----------|---|---|
| <b>1</b> | Preámbulo.....                              | 3 |
|          | 1.1 Obxectivo.....                          | 3 |
|          | 1.2 Ámbito de aplicación.....               | 3 |
|          | 1.3 Alcance.....                            | 3 |
| <b>2</b> | Norma de uso do símbolo e logotipo.....     | 3 |
|          | 2.1 Ámbito.....                             | 3 |
|          | 2.2 Descrición do símbolo e o logotipo..... | 3 |
|          | 2.3 Usos permitidos.....                    | 5 |
|          | 2.4 Usos non permitidos.....                | 5 |
|          | 2.5 Reproducións.....                       | 6 |
| <b>3</b> | Data de aprobación e entrada en vigor.....  | 6 |



## 1 PREÁMBULO

### 1.1 Obxectivo

Establecer as normas de uso do símbolo e o logotipo do CPEIG.

### 1.2 Ámbito de aplicación

Todos os/as membros do CPEIG.

### 1.3 Alcance

Uso do símbolo e o logotipo do CPEIG en calquera medio.

## 2 NORMA DE USO DO SÍMBOLO E LOGOTIPO

### 2.1 Ámbito

- 1 A presente norma é aplicable exclusivamente aos/ás colexiados/as en activo.
- 2 A perda da condición de colexiado/a, a suspensión da súa condición de colexiado/a ou a inhabilitación para o exercicio da profesión, implicará o cese automático da utilización do símbolo e o logotipo do CPEIG.

### 2.2 Descrición do símbolo e o logotipo


- 1 O logotipo do CPEIG está composto dun símbolo que pode ter asociado ou non o texto “Colexio Profesional de Enxeñaría en Informática de Galicia”.
- 2 O símbolo en cor do CPEIG é o seguinte:



- 3 O símbolo monocor do CPEIG é o seguinte:



- 4 O logotipo en cor do CPEIG ten a seguinte estrutura básica:



- 5 O logotipo monocor do CPEIG ten a seguinte estrutura básica:



- 6 As cores do logotipo en cor son:

6.1 RGB: CCA147 (Ocre)

6.2 RGB: 2E2447 (Azul)

## 2.3 Usos permitidos

- 1 O símbolo e o logotipo do CPEIG unicamente poderá ser utilizados por parte dos colexiados/as para identificarse nas súas actuacións profesionais, quedando o seu uso restrinxido a:
  - 1.1 Informes do/a colexiado/a.
  - 1.2 Cartas ou escritos do/a colexiado/a.
  - 1.3 Correos electrónicos do/a colexiado/a.
  - 1.4 Web propia do/a colexiado/a.
  - 1.5 Tarxetas de visita do/a colexiado/a.
  - 1.6 Currículum do/a colexiado/a.
  - 1.7 Outro material comercial ou de promoción do/a colexiado/a.
- 2 O símbolo e o logotipo do CPEIG poderán ser empregados en formatos electrónico, impreso e tampón.
- 3 Xunto ao símbolo ou o logotipo deberá figurar o nome do/a colexiado/a e o seu número de colexiación.

## 2.4 Usos non permitidos

- 1 O símbolo e o logotipo non poderán ser empregados de xeito que poida causar descreto ou perxuízo da profesión ou do propio colexio.
- 2 Se algún/algunha colexiado/a tivera coñecemento dunha infracción ou utilización ilícita do símbolo ou logotipo deberá poñelo en coñecemento do colexio.

- 3 O colexio resérvase o dereito a actuar naqueles casos nos que o uso do símbolo ou logotipo por parte do/a colexiado/a danase a imaxe do colexio, dos/das seus/súas membros ou da profesión, podendo prohibir por escrito ao/á colexiado/a afectado/a a utilización do símbolo e o logotipo. Do mesmo xeito, resérvase o dereito de actuación fronte a calquera terceiro ante o uso indebido do símbolo e o logotipo.
- 4 O incumprimento das normas descritas na presente directriz ou o uso indebido do símbolo e logotipo do CPEIG poderá supoñer as reclamacións que ao efecto establece a lexislación vixente con respecto á Propiedade Intelectual ou calquera outra que fose aplicable.

## 2.5 Reproducións

- 1 Todas as reproducións que se realicen do símbolo ou do logotipo realizaranse a partir dos orixinais dispoñibles no sitio web do colexio.
- 2 Calquera cambio de tamaño que se realice nas reproducións do símbolo ou do logotipo, xa sexa ampliación ou redución, deberá manter as proporcións e coloracións orixinais.

## 3 DATA DE APROBACIÓN E ENTRADA EN VIGOR

A presente directriz foi aprobada na Xunta de Goberno 2008/04, celebrada o 11 de abril de 2008, e entrará en vigor o 12 de abril de 2008.

O secretario

Juan Antonio Valiño García

Visto e prace  
O presidente

Fernando Suárez Lorenzo